

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE AO ANO 2025

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 31 do II Convenio Colectivo de Persoal Docente e Investigador Laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polo que se posibilita que o profesorado contratado por tempo indefinido solicite o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora, e no Acordo do 23 de novembro de 2021 sobre o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora ao profesorado axudante doutor da Universidade de Santiago de Compostela, esta Universidade ten asinado un convenio de colaboración coa ANECA a través do cal se formaliza unha encomenda de xestión entre os dous organismos coa finalidade de que a *Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora* (CNEAI) avalíe a actividade investigadora do persoal docente e investigador contratado que a USC determine na súa convocatoria.

Segundo o establecido na citada encomenda de xestión, a USC encárgase de realizar a convocatoria, así como da tramitación e resolución das solicitudes e recursos, mentres que a ANECA, a través da CNEAI, pon a disposición do persoal docente investigador contratado que a USC determine na súa convocatoria a aplicación telemática para a presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora, emite a través dos comités da CNEAI un informe técnico por cada solicitude e establece o procedemento a seguir na súa avaliación; procedemento que debe respectar os criterios e normas aplicables no procedemento xeral de avaliación da actividade investigadora do profesorado dos corpos docentes.

En anteriores convocatorias, o prazo para que o persoal docente e investigador contratado solicitara a avaliación do seus méritos investigadores coincidía co prazo establecido para este mesmo fin na convocatoria de avaliación da actividade investigadora que cada ano aprobaba a Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para o profesorado dos corpos docentes universitarios. Pola contra, a convocatoria correspondente a este ano introduce algúns cambios con respecto ás convocatorias anteriores, derivados das novas directrices comunicadas pola ANECA e recollidos no convenio de encomenda de xestión aplicable a esta edición. Estas modificacións afectan, por unha banda, ao prazo de presentación das solicitudes de avaliación do persoal docente e investigador contratado a través da aplicación telemática da ANECA, que deberá iniciarse un mes despois do inicio do prazo de solicitudes establecido pola convocatoria de avaliación da actividade investigadora para o profesorado dos corpos docentes universitarios. Ademais, requírese que, con carácter previo á presentación das súas solicitudes de avaliación a través da aplicación da ANECA, o persoal docente e investigador contratado solicite diante da súa universidade unha autorización para poder participar neste proceso.

Finalmente, en liña co aplicado á convocatoria de avaliación de méritos docentes, amplíase o ámbito de aplicación desta convocatoria para abranguer, ademais das

categorías de persoal incluídas en edicións anteriores, o persoal investigador posdoutoral de diversos programas de recursos humanos.

De acordo co anterior, tendo en conta que xa se publicou a convocatoria de avaliación da actividade investigadora do persoal dos corpos docentes universitarios, faise necesario establecer o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora correspondentes ao ano 2025 para o persoal docente e investigador contratado, polo que esta Reitoría resolve aprobar a presente convocatoria con suxeición ás seguintes bases:

1. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer os méritos na actividade investigadora desenvolvida polo persoal docente e investigador contratado con vinculación permanente das categorías de profesorado permanente laboral, profesorado contratado doutor, profesorado colaborador fixo con título de doutor e profesorado axudante doutor da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén poderán participar nesta convocatoria o persoal investigador posdoutoral dos programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo e ATRAE, posdoutoral da Xunta de Galicia, Juan de la Cierva, Marie Skłodowska-Curie e Torres Quevedo, contratado pola Universidade de Santiago de Compostela.

2. Requisitos das persoas solicitantes

2.1. Terá dereito a solicitar a avaliación da súa actividade investigadora o persoal que a 31 de decembro de 2025 teña subscrito contrato coa Universidade de Santiago de Compostela nalgunha das seguintes categorías:

- Profesorado permante laboral
- Profesorado contratado doutor
- Profesorado colaborador fixo con título de doutor
- Profesorado axudante doutor
- Persoal investigador posdoutoral dos programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, ATRAE, posdoutoral da Xunta de Galicia, Juan de la Cierva, Marie Skłodowska-Curie e Torres Quevedo.

O persoal docente e investigador ao que se refire o paragrafo anterior que se atope en situación de comisión de servizos ou nas situacións administrativas de servizos especiais, excedencia forzosa ou excedencia ao abeiro da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, ou en calquera outra situación de excedencia que dea dereito á reserva de posto de traballo, poderá tamén someter a avaliación a súa actividade investigadora, se ben nestes casos os dereitos económicos non se devindicarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

2.2. Poderá solicitar a avaliación da súa actividade investigadora:

a) O persoal ao que se refire a base 2.1. desta convocatoria cuxo último tramo avaliado positivamente rematara o 31 de decembro de 2019 ou en anos anteriores.

b) O persoal ao que se refire a base 2.1. desta convocatoria que nunca se teña presentado e cumpira un mínimo de seis anos avaliados a 31 de decembro de 2025.

c) O persoal ao que se refire a base 2.1. desta convocatoria ao que non se lle recoñeceu o seu último tramo de avaliación normal, sempre que este rematara o 31 de decembro de 2022 ou en anos anteriores. Neste caso, poderá someterse a avaliación un novo tramo de seis anos, incluíndo algún dos xa avaliados negativamente e, polo menos, tres anos posteriores non sometidos a avaliación. No suposto da avaliación negativa anterior de dous ou máis tramos presentados conxuntamente, o novo sexenio formarase unicamente con anos propios do último tramo de investigación.

2.3. O persoal ao que se refire a base 2.1. desta convocatoria que se encontre gozando de permisos de maternidade ou paternidade, en situación de excedencia para atender o coidado de fillas, fillos ou doutros familiares en primeiro grao ao seu cargo, ou en excedencia por razón de violencia de xénero prevista no artigo 89.1. do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, poderá incluír na súa solicitude de avaliación de sexenios os anos –e as contribucións publicadas neses anos– durante os que gozaran do permiso ou permaneceran na dita situación de excedencia.

3. Presentación de solicitudes e tramitación

3.1. Co obxecto de iniciar o procedemento de avaliación da súa actividade investigadora, e con carácter previo á formalización da solicitude a través da sede electrónica de ANECA, **o persoal sinalado na base 2.1. desta convocatoria deberá presentar unha solicitude de autorización para participar no proceso de avaliación a través do rexistro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>)**, solicitude que se acompañará do seguinte formulario, debidamente cuberto, que estará dispoñible na páxina web do Servizo de Planificación de PDI (https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2026-01/formulario-autorizacion-sexenios_persoal-docente-e-investigador-contratado_0.pdf).

Con este fin, ábrese un prazo que abrangue dende o **19 de xaneiro ata o 30 de xaneiro de 2026**.

3.2. Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Planificación de PDI comprobará que a persoa solicitante pertence a unha das categorías laborais con dereito a solicitar a avaliación da súa actividade investigadora de conformidade coa base 2.1. deste convocatoria, que o tramo solicitado non foi obxecto de recoñecemento con anterioridade nesta universidade e que o tempo asociado ao tramo solicitado é suficiente para o recoñecemento dun novo tramo.

Feitas estas comprobacións, a Vicerreitoría de Profesorado **emitirá a autorización para continuar co procedemento de avaliación da actividade investigadora**, que será notificada á persoa solicitante por comparecencia na sede electrónica da USC. **Esta autorización deberá achegarse xunto coa solicitude que se presente na sede electrónica de ANECA de conformidade coa base 3.3. desta convocatoria**.

3.3. Unha vez sexan autorizadas para poder continuar co procedemento de avaliación, as persoas interesadas deberán cubrir e presentar os formularios e anexos correspondentes por vía telemática a través da sede electrónica de ANECA (<https://sede.aneca.es/>) entre o **9 de febreiro e o 2 de marzo de 2026**. Non se avaliarán aquelas solicitudes que **non acompañen a autorización da USC para continuar o procedemento ao que se refire a base 3.2. desta convocatoria**.

3.4. Serán aplicables a esta convocatoria os apartados 5. *Presentación de solicitudes (salvo no referido ao prazo de solicitudes)*, 6. *Instrucción del procedimiento de evaluación*, 7. *Criterios de evaluación* e 8. *Resolución* das bases específicas da convocatoria de sexenios da Secretaría General de Universidades para os corpos docentes universitarios. Tamén serán de aplicación os criterios específicos contidos na *Resolución de 10 de diciembre de 2025, de la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, por la que se publican los criterios para la evaluación de la actividad investigadora. (BOE del 19 de diciembre de 2025)*.

3.5. As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos nesta convocatoria ou as que non reúnan os requisitos establecidos nela serán inadmitidas directamente pola Vicerreitoría de Profesorado.

3.6. A actividade investigadora do persoal ao que fai referencia a base 2.1. desta convocatoria será avaliada pola CNEAI, que emitirá o correspondente informe técnico, vinculante para a USC.

3.7. Unha vez recibidos os informes de avaliación, o Servizo de Planificación de PDI ordenará os expedientes, que serán levados pola Vicerreitoría de Profesorado a informe da Mesa de Negociación de PDI. Con posterioridade serán trasladados á Comisión de Organización Académica e Profesorado, que fará a proposta de recoñecemento de complementos da actividade investigadora, ou de ser o caso de denegación, ao Consello de Goberno para a súa aprobación, sempre de acordo cos informes emitidos polo órgano de avaliación, e previo ao acordo do Consello Social da Universidade.

4. Resolución e efectos

4.1. Resolta a convocatoria, o reitor ditará a resolución na que se asignarán os tramos e os efectos económicos que puideran corresponder a cada unha das persoas solicitantes.

4.2. A Vicerreitoría de Profesorado notificará ás persoas interesadas os acordos dos órganos de goberno da USC relativos a este procedemento a través da Sede electrónica da USC.

4.3. Os efectos económicos derivados da avaliación serán do 1 de xaneiro de 2026.

5. Reclamacións

Unha vez comunicados os resultados da avaliación, a Universidade de Santiago de Compostela dará traslado das eventuais reclamacións á ANECA para que emita o informe

técnico previo á súa resolución polo reitor da USC.

6. Acceso ao procedemento electrónico

6.1. O formulario para solicitar a avaliación da actividade investigadora, co obxecto de que lle sexa emitida á persoa interesada a autorización previa á presentación da súa solicitude a través da sede electrónica da ANECA, estará a disposición das persoas interesadas na web do Servizo de Planificación de PDI da USC (prazo de presentación de solicitudes dende o **19 ata o 30 de xaneiro de 2026**):

<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/PDI/Complementos>

Este formulario deberá ser cuberto e presentado a través do rexistro electrónico da USC, xunto cunha solicitude de carácter xeral no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>

6.2. O acceso ao formulario de solicitude de avaliación da actividade investigadora da sede electrónica de ANECA estará dispoñible na seguinte ligazón (prazo de solicitude dende o **9 de febreiro ata o 2 de marzo de 2026**):

<https://sede.aneca.es/>

7. Recoñecemento de tramos concedidos noutras universidades

7.1. O persoal ao que se refire a base 2.1 desta convocatoria que teña tramos do complemento de actividade investigadora recoñecidos noutras universidades públicas españolas poderá solicitar que sexan recoñecidos na Universidade de Santiago de Compostela, cos importes que correspondan á categoría na que se conseguiron, sempre que os criterios empregados para o recoñecemento do tramo ou tramos fosen análogos aos empregados pola ANECA.

7.2. As solicitudes deberán presentarse empregando o formulario de solicitude de carácter xeral do rexistro electrónico da USC, dirixíndoas á Vicerreitoría de Profesorado.

7.3. O recoñecemento de tramos doutras universidades terá efectos económicos dende a data de incorporación á praza ocupada na USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá

interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor,

Antonio López Díaz

Taboleiro electrónico

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/01/2026 11:48:40.

CSV: 1A12-A4BF-45F9-BD7B